

COMISIÓN ACADÉMICA DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2016

1. Apróbase, por asentimento¹.

- a) A acta da reunión anterior.
- b) Atrasar a data de defensa do TFM no segundo período ao 19-20 de xullo.
- c) As seguintes datas para a solicitude e defensa do TFM:
 - No primeiro prazo (xaneiro):
 - Apertura da aplicación informática: 12 de xaneiro.
 - Límite de entrega do TFM: 19 de xaneiro.
 - Defensa: 30 e 31 de xaneiro.
 - No segundo prazo (xullo):
 - Apertura da aplicación informática: 6 de xullo.
 - Límite de entrega do TFM: 13 de xullo.
 - Defensa: 19 e 20 de xullo.
- d) O cambio na data do exame de Práctica Penal I solicitado por todas/os as/os estudantes matriculadas/os; a eficacia deste acordo condiciónase a que o profesorado da materia teña dispoñibilidade; delégase na coordinadora calquera modificación na data que sexa necesaria.
- e) Declarar que (á vista do artigo 25 do Estatuto do Estudante Universitario, Real Decreto 1791/2010, da normativa interna da Universidade de Vigo, e dos motivos expostos polo interesado na súa solicitude) D. Renny Mazaira Rodríguez non ten dereito ao cambio de datas de exame solicitado.
- f) O informe anual do Sr. Coordinador Profesional no que se detallan cantas incidencias tiveran lugar durante a impartición do programa de prácticas.
- g) O informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2015/2016.
- h) O informe do Plan de Acción Titular (PAT) do curso 2015/2016.
- i) A proposta do regulamento do TFM, para a súa posterior tramitación pola Facultade de Dereito (consonte á nova normativa da Universidade de Vigo).
- j) A asignación dos títolos do Plan de Acción Titorial (PAT) e a delegación na coordinadora da distribución dos estudantes que poidan apuntarse fóra de prazo.

Ourense, 8 de novembro de 2016

Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado
SECRETARIO DA COMISIÓN ACADÉMICA

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía, celebrada o día 2 de novembro de 2016, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 9 de novembro de 2016.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito

¹ Toda a documentación pode consultarse no despacho do secretario académico do Máster (núm. 4-1, 3º andar).